

Informe sobre categorización do solo rústico de especial protección no planeamento adaptado á *Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia*

ANTECEDENTES

ÚNICO.- O 21.05.2024 tivo entrada no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia (núm. 2024/1289808) oficio do alcalde das Somozas no que formula a seguinte consulta á Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo en relación coa modificación efectuada pola *Lei 10/2023, de 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas*, no número 1 da disposición transitoria primeira da *Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia*:

"Primero: El Plan general de Ordenación municipal del Concello de As Somozas fue aprobado definitivamente el 13 de marzo de 2006 y está por tanto adaptado a la Ley 9/2002, de 30 de diciembre, de ordenación urbanística y protección del medio rural de Galicia, por tanto es de aplicación la disposición transitoria primera, punto 1, letra d), de la Ley 2/2016 del suelo de Galicia (en adelante LSG) que establece:

"d) Al suelo rústico, se le aplicará el dispuesto en esta ley para el suelo rústico, manteniendo, en todo caso, la vigencia de las categorías de suelo contenidas en el planeamiento respectivo".

Segundo: La Ley 10/2023, de 28 de diciembre, de medidas fiscales y administrativas (DOG núm. 246 del 29/12/2023), en su artículo 11, apartado once, modifica la letra d) del número 1 de la disposición transitoria primera de la LSG que pasa a ser:

"d) Al suelo rústico se le aplicará lo dispuesto en esta ley para el suelo rústico".

Es decir, se ha eliminado la frase "manteniendo, en todo caso, la vigencia de las categorías de suelo contenidas en el planeamiento respectivo".

Visto todo lo anterior, las CUESTIONES que se plantean son: [...]

Primero: ¿Que tratamiento debe darse al suelo rústico de especial protección a partir de la publicación de la Ley 10/2023, de 28 de diciembre, de medidas fiscales y administrativas (DOG núm. 246 del 29/12/2023).?

Segundo: Si como dice la resolución del recurso "las parcelas ya no están localizadas en suelo rústico de especial protección agropecuaria" ¿en que tipo de suelo rústico nos encontramos?, ¿protección ordinaria? ¿otro?

Tercero: ¿Como se debe calificar el suelo rústico en los informes de calificación urbanística?"

A solicitude refírese tamén aos fundamentos xurídicos dunha resolución dun recurso de alzada da Consellería de Medio Rural que, se ben non se acompaña coa primeira solicitude de informe, foi achegada posteriormente, o 27.05.2024, mediante entrada no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia (núm. 2024/1289808).



CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRA.- Segundo o disposto no artigo 2.1.b) do *Decreto 36/2022, do 10 de marzo, polo que se crea e regula a Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo*, correspóndelle a este órgano consultivo a emisión de informes sobre a aplicación e interpretación da normativa vixente en materia de ordenación do territorio e urbanismo que sometan á súa consideración as entidades que figuran no seu artigo 15, entre as que se atopan as entidades locais de Galicia.

SEGUNDA.- O Concello de As Somozas conta con Plan xeral de ordenación municipal (PXOM), aprobado definitivamente o 13.03.2006, publicado no *Diario Oficial de Galicia* núm. 65, do 03.04.2006 e a súa normativa no *Boletín Oficial da Provincia da Coruña* núm. 3635, do 07.04.2006.

A disposición transitoria primeira da *Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia* (en adiante, LSG), relativa ao réxime aplicable aos municipios con planeamento non adaptado e aos municipios sen planeamento, segundo a redacción dada polo artigo 11 da *Lei 10/2023, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas*, establece o seguinte no seu apartado 1:

"1. O planeamento aprobado definitivamente con anterioridade á entrada en vigor desta lei e adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUG), conservará a súa vixencia ata a súa revisión ou adaptación a ela, consonte as seguintes regras:

[...] d) Ao solo rústico aplicaráselle o disposto nesta lei para o solo rústico".

En consecuencia, coa nova redacción da disposición transitoria primeira decaeu a vixencia das categorías do solo rústico de especial protección delimitadas en todos os instrumentos de planeamento urbanísticos non adaptados á *Lei 2/2016, do 10 de febreiro*, pero adaptados á LOUG, como é o caso do PXOM de As Somozas.

Deste xeito, faise extensible o réxime transitorio que xa se aplicaba antes da referida modificación aos planeamentos anteriores á *Lei 2/2016, do 10 de febreiro*, pero que non estaban adaptados á LOUG, nos que xa resultaba de aplicación directa tanto o réxime xurídico como as categorías do solo rústico definidas na LSG, aos planeamentos adaptados á LOUG, que ata agora mantiñan a vixencia das súas categorías de solo rústico; pero dado o tempo transcorrido dende a vixencia da LSG, resulta máis coherente por razóns de seguridade xurídica outorgarlles o mesmo tratamento.

Asemade, a referida modificación legislativa supón unha importante medida de simplificación administrativa, na medida en que evitará ter que modificar o planeamento urbanístico para que se teña que adaptar ao réxime e ás categorías de solo rústico que xa están vixentes actualmente e que derivan das afeccións sectoriais contempladas no Plan Básico Autonómico de Galicia.

En definitiva, en todos os instrumentos de planeamento urbanístico que non están adaptados á vixente *Lei 2/2016, do 10 de febreiro*, (tanto os adaptados á LOUG como os non adaptados) aplícase directamente o réxime xurídico do solo rústico previsto na Lei do solo e na súa normativa de desenvolvemento, nomeadamente, o Regulamento da LSG, aprobado polo Decreto 143/2016, do 22 de setembro (RLSG); e as categorías de solo rústico de especial protección que derivan das afeccións sectoriais que se recollen no Plan Básico Autonómico de Galicia e que se atopan definidas no artigo 34.2 da LSG e concordantes do seu RLSG.



TERCEIRA.- En relación á segunda das cuestións formuladas que se refire, especificamente, ao solo rústico de protección agropecuaria, cabe significar que atendendo á definición regrada desta categoría de solo rústico na lexislación urbanística, o artigo 34.2 da LSG establece o seguinte:

"2. No solo rústico de especial protección distinguiranse as seguintes categorías:

a) Solo rústico de protección agropecuaria, constituído polos terreos que fosen obxecto de concentración ou reestruturación parcelaria con resolución firme e os terreos de alta produtividade agropecuaria que sexan delimitados no catálogo oficial correspondente polo órgano que teña a competencia sectorial en materia agrícola ou gandeira.

Para os efectos do previsto nesta letra, non se entenderán incluídos os terreos que formen parte de procesos de concentración ou reestruturación parcelaria que teñan natureza forestal.

b) Solo rústico de protección forestal, constituído polos terreos de alta produtividade forestal que sexan delimitados no catálogo oficial correspondente polo órgano que teña a competencia sectorial en materia forestal".

[...]"

A dita definición debe poñerse en relación coa normativa sectorial. Así, por un lado, en relación á declaración de firmeza do acordo de reestruturación parcelaria, o artigo 38 da *Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora de la estrutura territorial agraria de Galicia*, indica:

"Esta declaración determinará por si soa a consideración do solo rústico afectado como de especial produtividade agrícola ou forestal, segundo o caso, para os efectos do disposto no artigo 34.2.a) e b) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e, en consecuencia, a súa categorización directa como solo rústico de protección agropecuaria ou forestal, segundo corresponda, sen necesidade de seguir o procedemento de modificación do planeamento urbanístico".

A disposición transitoria oitava da *Lei 4/2015, do 17 de xuño*, limita a aplicación do último parágrafo dese artigo 38 aos procedementos de concentración parcelaria que, a partir da súa entrada en vigor acadasen a fase de acordo de concentración firme.

Por outro lado, o artigo 25 da *Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia*, regula a figura do *Catálogo de solos agropecuarios e forestais de Galicia*, cuxo apartado 6, indica:

"6. O catálogo será o instrumento de delimitación recollido nas letras a) e b) do artigo 34.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, no referente aos solos rústicos de alta produtividade agropecuaria e forestal".

En tanto non se aprobe ese catálogo, conforme á disposición transitoria segunda da *Lei 11/2021, do 14 de maio*, "será considerado solo rústico de protección forestal, en todo caso, o correspondente aos montes ou terreos forestais inscritos no Sistema rexistral forestal de Galicia, creado ao amparo do artigo 126 da *Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia*."

Non obstante, a *Lei 11/2021, do 14 de maio*, carece de marco transitorio que permita o recoñecemento de terreos de alta produtividade agropecuaria na categoría do solo rústico de especial protección agropecuaria, en tanto non sexan delimitados no catálogo oficial correspondente.



CUARTA.- Finalmente, a terceira cuestión trasladada polo concello refírese a como debe categorizarse o solo rústico nos informes de calificación urbanística.

Tal e como se indicou na consideración xurídica segunda, no solo rústico do Concello de As Somozas aplícase directamente o réxime xurídico previsto para o solo rústico na LSG e na súa normativa de desenvolvemento, nomeadamente, o seu Regulamento, aprobado polo Decreto 143/2016, do 22 de setembro (RLSG); e as categorías de solo rústico de especial protección son as que derivan das afeccións sectoriais que se recollen no Plan Básico Autonómico de Galicia e que se atopan definidas nos artigos 34 da LSG e 49 do RLSG.

O artigo único do *Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan Básico Autonómico de Galicia* (DOG núm. 162, do 27.08.2018), acorda a aprobación definitiva do Plan Básico Autonómico, con todos os documentos que o integran, incluídas a normativa e as ordenanzas que se incorporan como anexo ao decreto; e no número 3 do dito artigo polo que se aproba este instrumento de planeamento urbanístico faise referencia expresa ao contido do seu visor, que pode consultarse na seguinte ligazón ("<http://mapas.xunta.gal/visores/pba/> "). En consecuencia, o visor do PBA forma parte do instrumento aprobado definitivamente.

No que se refire á natureza xurídica do Plan Básico Autonómico, os artigos 90 da LSG e do Anexo do Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia, (PBA) establecen que este instrumento ten por obxecto delimitar, no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, as afeccións derivadas da lexislación sectorial e identificar os asentamentos de poboación existentes; así mesmo, establece unha regulación de carácter xeral dos diferentes usos do solo e da edificación.

O PBA reflicte os ámbitos de afección que, sobre o territorio, establece a normativa sectorial de aplicación con incidencia no planeamento urbanístico, pero non clasifica nin categoriza o solo para os efectos urbanísticos (artigo 4.1 do Anexo do PBA); as afeccións sectoriais incluídas no PBA teñen carácter declarativo, sen eficacia normativa, prevalecendo, en caso de discrepancia, o previsto na correspondente normativa sectorial, estatal ou autonómica, das que aquelas derivan (artigo 3 do Anexo do PBA).

En todo caso, esta ferramenta reflicte as afeccións sectoriais que resultan da información recompilada dende os órganos que ostentan a competencia sectorial correspondente en función dos valores obxecto de protección e, para unha maior utilidade práctica, organízanse os datos do visor nos seguintes dous bloques:

- Na icona "*Selección de capas*" do visor, distínguense un primeiro bloque baixo o título "*AFECCIÓNS que clasifican solo rústico de especial protección*" que representa as delimitacións daquelas afeccións que derivan da normativa sectorial e teñen correspondencia taxada coas definicións dos artigos 34 da LSG e 49 do RLSG das distintas categorías de solo rústico de especial protección.

Non obstante, cabe matizar que a capa denominada "*AGROPECUARIA*" comprende todos os terreos de concentración ou reestruturación parcelaria con resolución firme, con independencia do seu plan de usos, dado que os datos espaciais facilitados pola Consellería de Medio Rural carecen do atributo asociado a cada entidade espacial coa información relativa á súa natureza agropecuaria ou forestal.

En consecuencia, é o departamento competente en materia de desenvolvemento rural o que debe determinar se o solo a analizar ten natureza agropecuaria, en cuxo caso respondería a clasificación de solo rústico de protección agropecuaria consonte ao artigo 34.2.a) da LSG.



Se pola contra ten natureza forestal, a excepción do apartado 34.2.a) da LSG exclúe do solo rústico de protección agropecuaria os terreos que formen parte de procesos de concentración ou reestruturación parcelaria e teñen natureza forestal. Eses terreos responden á clasificación de solo rústico de especial protección forestal se contan con acordo de concentración firme a partir da entrada en vigor da *Lei 4/2015, do 17 de xuño*.

- Na icona "*Selección de capas*" do visor distínguense un segundo bloque que, baixo o título "*OUTRAS AFECCIÓNS*", identifica as restantes afeccións con incidencia sobre o territorio que non clasifican solo rústico de especial protección, polo que non pode tomarse como referencia esta información para determinar a categoría de solo rústico que correspondería aplicar.

Por último, cómpre por de manifesto que o PBA é un instrumento de carácter dinámico, que é obxecto de actualizacións periódicas que constan publicadas no visor, co obxecto de incorporar os cambios derivados das afeccións sectoriais e da aprobación dos instrumentos de ordenación do territorio, en cumprimento do previsto no artigo 90.4 do RLSG, e na medida en que as ditas modificacións vinculan ao PBA.

CONCLUSIÓNS

1. Nos supostos de planeamento urbanístico aprobado definitivamente con anterioridade á entrada en vigor da *Lei 2/2016, do 10 de febreiro*, e adaptado á *Lei 9/2002, do 30 de decembro*, como é o caso do PXOM de As Somozas, resulta de aplicación directa o réxime xurídico previsto para o solo rústico na LSG e na súa normativa de desenvolvemento, entendéndose decaída a vixencia das categorías de solo rústico de especial protección delimitadas no dito planeamento.

2. A categorización como solo rústico de especial protección virá dada, en cada caso, polo encaixe na definición regradada dos artigos 34.2. da LSG e 49.2 do RLSG.

Para determinar as categorías do solo rústico de especial protección teranse en conta as afeccións do visor do Plan Básico Autonómico de Galicia que figuran na icona "*Selección de capas*" baixo o título "*AFECCIÓNS que clasifican solo rústico de especial protección*", que representa as delimitacións daquelas afeccións que derivan da normativa sectorial e teñen correspondencia taxada coas definicións das distintas categorías de solo rústico de especial protección definidas nos artigos antes referidos.

O que se informa aos efectos oportunos, facendo constar a imposibilidade de resolver por vía de informe cuestións relativas a expedientes urbanísticos concretos de competencia municipal e que, de conformidade co disposto no artigo 16 do Decreto 36/2022, do 10 de marzo, este informe non é vinculante, pero ten carácter interpretativo da norma ou situación obxecto de exame e aplicación.

